

ESTREA EN NUMAX: 08.09.2017 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

Voir du pays (2016, 102')

Dirección: Delphine Coulin, Muriel Coulin

Guión: Delphine Coulin, Muriel Coulin

Elenco: Soko, Ariane Labed, Ginger Romàn, Karim Leklou, Robin Barde, Damien Bonnard, Andreas Konstantinou, Jérémie Laheurte, Sylvain Loreau

Son: Antoine-Basile Mercier

Montaxe: Laurence Briaud

Fotografía: Jean-Louis Vaillant

Vestuario: Isabelle Pannetier

Produtoras: Archipel 35, Blonde Audiovisual Productions, Arte France Cinéma (Francia)

Distribuidora: Pirámide Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Francés, grego

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016: Mellor guión (Un certain regard), Cairo 2016 (sección oficial)

FILMOGRAFÍA

17 filles, 2011

Souffle, 2010 [curtametraxe]

Il faut imaginer Sisyphe

hereux, 1997 [curtametraxe]

SINOPSE

Aurore e Marine, amigas desde a infancia e compañeiras de sección no exército, volven dunha misión en Afganistán. Como xeito de esquecer a guerra e volver ao mundo real, elas e toda a súa sección pasan tres días nun hotel de cinco estrelas en Chipre. Todos os sucesos vividos na guerra e os trastornos traumáticos ocasionados inténtase solventar con xogos de realidade virtual. Mais non é doado esquecer o que fixeron e o que viron e iso causará problemas entre estes soldados.

«Poucos filmes teñen explorado a psique das mulleres militares en conflito con tanto matiz e sensibilidade»

Guy Lodge, VARIETY



“Afganistán foi unha carnicería e os soldados regresaron completamente desfeitos”

Entrevista con Soko e Ariane Labeled
Por Serge Kaganski

Antes de rodar este filme interesábasevos o ambiente militar, bélico?

SOKO (S): Para nada! Eu estou totalmente en contra da violencia, da guerra. No meu mundo ideal non habería exército. Nin sequera podo ver os filmes de terror porque morro de medo. Mais xustamente iso é o que me atrae do cinema: que me saque da miña vida, interpretar papeis que me sexan alleos, coñecer cousas, tratar de enxergar e simpatizar con xentes e universos que son descoñecidos para min. Gústame mergullarme no que non me resulta familiar.

ARIANE LABED (AL): A min pásame o mesmo! Son filla de mestres, cunha educación antimilitarista; espántanme os uniformes pero alégrome moito de telo experimentado mediante un filme. Coñecer os soldados e falar con eles permitíume facerme unha idea das súas vidas, decatarme de como volven dos escenarios de batalla. Alégrome

de que o cinema me levase a un lugar onde nunca tería ido por min mesma.

Ao espectador sucédelle un pouco o mesmo. Non somos militaristas, non imos á guerra, pero gústanos as películas de guerra cando son boas.

S: Este filme descúbrenos a individuos que, antes de levar uniforme, procedían de contornas complicadas e que abrazan unha profesión na que arriscan a súa vida a diario. Iso require un enorme valor... E máis aínda cando os soldados son mulleres.

AL: Estas soldado e estes militares teñen unha especie de loucura adorábel. Unha faceta cabeza tola que non todos temos sempre, unha relación coa morte e a vida diferente á nosa e que inspira moito respecto.

Mergullástevos no ambiente militar ou chegastes virxes á rodaxe?

AL: Fomos ao cuartel coñecer os militares. Falamos con eles, subimos a un carro, tocamos as armas, adestramos ante pantallas como fan eles... Foi o primeiro achegamento ao papel. Un cuartel é un mundo aparte, cos seus códigos, o seu idioma, diferente ao mundo habitual.

S: Alí reina unha xerarquía moito máis estrita e presente que na vida normal. Tivemos ex-soldados como asesores no filme a quen lles preocupaba moito que todo se axustase á verdade, que os xestos e os comportamentos fosen exactos. Era algo fundamental para a credibilidade do filme.

AL: O aspecto físico é moi importante, as posturas, os xestos... Traballamos

cunha adestradora militar que soe preparar os soldados para a guerra e despois na descompresión. Camiñamos durante horas, adestrámonos... As posturas militares son códigos moi precisos que nos metían de forma moi concreta nos nosos personaxes.

O filme ponnos en contacto con dúas realidades alleas: primeiro os militares, logo as mulleres militares.

AL: O filme sobre todo fala dun tema que nunca se tratou en Francia, o regreso dos militares logo da guerra. En que situación se encontran? Como se integran na vida cotiá?

S: E é tamén unha historia dunha amizade moi forte. Dúas mozas da mesma contorna que non teñen a mesma experiencia no exército. Unha considérao o seu oficio, a outra desexa tamén ser libre, ser muller, que se teña en conta a súa sensualidade, a súa personalidade, non ser tratada unicamente como un anaco de carne.

O filme mostra que os soldados son as primeiras vítimas da guerra, mesmo cando volten con vida ou ilesos fisicamente.

AL: Os americanos fixeron moitísimos filmes sobre o tema, especialmente despois da Guerra do Vietnam. Afganistán foi unha carnicería e os soldados que coñecemos regresaron completamente desfeitos. É xente que volve destrozada e non sabemos que facer con eles.

Publicado en <http://www.lesinrocks.com/>

NA LIBRARÍA NUMAX

Voir du pays, Delphine Coulin.
Livre de poche, 2013

La odisea de Alice, Lucie Borteleau.
Abordar [DVD]

Langosta, Yorgos Lanthimos.
Avalon [BluRay & DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX